



Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

CONSULTA PÚBLICA PREVIA O PROCEDEMENTO DE APROBACIÓN ORDENANZA REGULADORA DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DO CONCELLO DE CEE.

EXPEDIENTE Nº 2025/G013/000001

NORMATIVA

Dispónse incoar procedemento para a aprobación da ORDENANZA REGULADORA DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DO CONCELLO DE CEE, de conformidade co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A citada Lei 39/2015 regula no seu artigo 133 o exercicio do dereito da cidadanía para participar no procedemento de elaboración de normas con rango de Lei e regulamentos, e establece no seu punto 1 que con carácter previo á elaboración do proxecto ou anteproxecto de lei, Ordenanza ou de regulamento, substanciarase unha consulta pública, a través do portal web/Sede da Administración competente na que se solicitará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma, acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

En cumprimento do punto 1 do Art. 133 da Lei 39/2015, expónse:

CONSULTA PÚBLICA PREVIA:

a) Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa:

Con esta iniciativa, o regulamento pretende solucionar a inseguridade xurídica que afecta a moitos dos titulares das concesións do mercado de abastos de Cee en canto aos seus dereitos e obrigacións como beneficiarios dos mesmos, á vez que establecer con claridade os procedementos administrativos a seguir para solicitar e adxudicar as postos vacantes, cesar como titulares dos mesmos, modificar a titularidade cando cumpra e coñecer os requisitos que han de cumprir os solicitantes para ter, manter ou adquirir a concesión dun posto de venda no mercado de abastos de Cee.

b) Necesidade e oportunidade da súa aprobación.

As necesidades de clarificación e actualización normativa, de seguridade xurídica, de aproveitamento comercial dos postos actualmente vacantes, xustifican sobradamente a necesidade e oportunidade de contar canto antes cunha Ordenanza Reguladora.

c) Obxectivos da norma.

Os obxectivos que pretende esta ordenanza reguladora son, por todo o exposto: achegar seguridade xurídica aos concesionarios, dar a coñecer aos interesados os seus dereitos e facilitar o cumprimento das súas obrigacións.



Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

d) Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Non se contempla outra opción. A seguridade xurídica ha de verse garantida desde o nivel regulatorio dunha Ordenanza para dar resposta á situación actual do Mercado de Abastos de Cee.

Os cidadáns/as e organizacións máis representativas que se consideren afectados potencialmente pola ordenanza, poderán facer chegar as súas opinións sobre as condicións referidas anteriormente, nun prazo de **20 días** a partir da data de publicación desta consulta na Web/Sede do Concello de Cee, a través do do Rexistro Xeral ou da Sede electrónica do Concello de Cee.

Asinado na data da firma electrónica.

Alcaldesa do Concello de Cee:

D^a Margarita Lamela Louzán.